ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
CV19054

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: II xornada Auditoría do sector público

CONVOCATORIA: II xornada Auditoría do sector público

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	CONVENIO	**HORAS:**	5
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 10/08/2019 - 08:00h ao 10/09/2019 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Nun escenario no que a contratación do sector público é unha actividade tan relevante para a economía do noso país que representa ao redor dun 13 % do PIB, a axeitada regulación da contratación do sector público é un instrumento clave e necesario para acadar os obxectivos de eficiencia na xestión dos recursos públicos.
Neste contexto, e recollendo a testemuña e o éxito da I xornada de Auditoría do sector público celebrada o ano pasado, a segunda edición pivotará sobre a experiencia e particularidades detectadas no primeiro ano de aplicación do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
Ademais, abordaranse outros temas de indiscutible interese para os e as profesionais da auditoría tales como a adaptación das normas internacionais de auditoría para a súa aplicación en España (NIA-ES) ao sector público, ou o rol que debe xogar o Compliance no dito sector, como garante dos necesarios marcos de integridade institucional e códigos de bo goberno nas institucións públicas.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da comunidade autónoma e das universidades do Sistema universitario de Galicia; colexiados/as do Colexio de Economistas da Coruña; auditores/as; profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

Nesta xornada trataranse, entre outros, os seguintes temas:
• Adaptación da NIA-ES ao sector público.
• Compliance no sector público.
• Problemática da aplicación do Real decreto 424/2017.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes, dando preferencia ao persoal empregado público.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS
As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP (https://egap.xunta.gal/matricula/). As persoas solicitantes que sexan persoal empregado público, agás as que pertenzan á Administración autonómica ou á Administración de xustiza, deberán acreditar por correo electrónico dirixido a novas.egap@xunta.gal a súa condición de persoal empregado público na data de publicación desta convocatoria. As persoas solicitantes que sexan colexiadas do Colexio de Economistas da Coruña ou auditores/as deberán tamén acreditalo por correo electrónico dirixido a novas.egap@xunta.gal. O prazo para a inscrición e para a remisión da antedita documentación, estará aberto desde as 08:00 h. do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia ata as 23:55 h. do día 1 de marzo de 2018. Publicada a listaxe definitiva, as persoas seleccionadas que teñan que proceder ao pagamento de matrícula procederán a aboar o importe da matrícula no número de conta do Colexio de Economistas da Coruña, segundo o importe, instrucións e prazo indicados na web do Colexio de Economistas da Coruña: http://www.economistascoruna.org/

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO		
LOCALIDADE: SANTIAGO		**INICIO / FIN:** 13/09/2019 a 13/09/2019
NUM. PRAZAS: 286	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME		
SALON DE ACTOS: O día 13 de setembro de 09:00 a 14:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA		